

DESENVOLVEMENTO LOCAL
E EMPREGO

TENENCIA DE ALCALDÍA E CONCELLERÍA DE
EMPREGO, FONDOS EUROPEOS, PATRIMONIO,
MEDIO AMBIENTE, EDUCACIÓN, DEPORTES E
XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



MEMORIA ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS.

1. OBXECTO

É obxecto do presente contrato a prestación de servizos de apoio técnico para a revisión da documentación xustificativa dos proxectos subvencionados con cargo ás convocatorias de subvencións e convenios de fomento do emprego.

2. PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

O orzamento base de licitación é de **21.937,43 €** (IVE incluído de **3.807,32€**).

Realizouse unha aproximación orzamentaria ao custo de prestación do servizo nun período de 2,50 meses obxecto do contrato, que se inclúe no presente expediente, no que se tiveron en conta os gastos estimados previsibles:

Conceptos valorados (custes salariais e de seguridade social, medios de comunicación, equipamento informático, material de oficina, etc) que deberá ser desenvolvido a cargo do adxudicatario, de acordo co seguinte cadro:

○ Persoal:	15.425,73 €
▪ 3 Técnicos/as con estudos universitarios (Grao, Master universitario ou equivalente) ao 100% de dedicación.	
▪ 1 coordinador/a ao 5% de dedicación.	
○ Outros gastos e materiais:	1.361,41 €
• Comunicacions voz e datos	200,00 €
• Ordenadores portátiles	480,00 €
• Folios, bolígrafos, etc	100,00 €
• Consumibles informáticos	100,00 €
• Xestión económico-administrativa	481,41 €
▪ Beneficio industrial (8%)	1.342,97€
▪ 21% Imposto do Valor Engadido	3.807,32€
▪ Prezo total estimado	21.937,43 €

Para os cálculos dos custos salariais e de seguridade social, a carga da empresa do persoal (técnicos e coordinador/a), se teñen utilizado as táboas salariais do "XVIII Convenio colectivo estatal de empresas de consultoría y estudios de mercado y de la opinión pública", publicado no BOE do 26/07/2023 No resto dos gastos referidos ao equipamento informático, comunicacións, xestión administrativa e material de oficina, se toman como referencia os custes medios de adquisición e de necesidades baseados en servizos similares recollidos noutros expedientes tramitados por Desenvolvemento Local e Emprego.

b) Valor estimado (artigo 101 LCSP)

O valor estimado do contrato é de **18.130,11 €**. Non se contemplan modificacións nin prórrogas.

MÉTODO DE CÁLCULO: Esta cantidade é o resultado de descontar o importe correspondente ao IVE (21%) ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no



DESENVOLVEMENTO LOCAL
E EMPREGO

TENENCIA DE ALCALDÍA E CONCELLERÍA
DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA,
FONDOS EUROPEOS, PATRIMONIO E
EMPREGO

CONCELLO
DE VIGO



artigo 101 da LCSP, así como os custos laborais, sen incluír prórrogas nin modificacións por non estar previstas neste contrato.

3. REVISIÓN DE PREZOS (artigo 103)

Non procede a revisión de prezos.

4. FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL

O prezo do contrato de **21.937,43 €** (cun IVE de **3.807,32 €**) imputarase á aplicación orzamentaria seguinte: 2410 2279900 PRESTACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS (P. EMPREGO), dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo do ano 2024.

O contrato non supón desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e por tanto non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

5. REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O pago realizarase previa presentación de factura pola adxudataria e será conformada polo responsable de contrato unha vez comprobada a veracidade dos servizos prestados, unha vez verificado o total cumprimento da obriga de resultado.

O importe da factura corresponderase co importe de adxudicación.

A factura electrónica a emitir deberá axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que se encontra adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

UNIDADE TRAMITADORA: GE0000638 FOMENTO DO EMPREGO

OFICINA CONTABLE: GE0000575/ INTERVENCIÓN

ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

rom

Na data da sinatura electrónica

A técnica da Administración Xeral
Carla Candia Paz



Copia do documento - Concello de Vigo
20750-77

Data impresión: 06/08/2024 08:33 Páxina 2 de 3
CSV: A7A45B-36AADF-C135D1-WYURCE-HCUHTC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

DESENVOLVEMENTO LOCAL
E EMPREGO

TENENCIA DE ALCALDÍA E CONCELLERÍA DE
EMPREGO, FONDOS EUROPEOS, PATRIMONIO,
MEDIO AMBIENTE, EDUCACIÓN, DEPORTES E
XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



Conforme:

A concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.-
Ana María Mejías Sacaluga (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024)

O concelleiro de Orzamentos e Facenda.- Jaime Aneiros Pereira (Resolución de Alcaldía de 19/06/2023,
BOP núm. 124, de 28 de xuño de 2023 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22/06/2023, BOP núm. 129,
do 5 de xullo)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/08/2024 08:33

Páxina 3 de 3

20750-77

CSV: A7A45B-36AADF-C135D1-WYURCE-HCUHTC-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de
verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>